



<b>MODELO SILVÍCOLA</b>	<b>BC1</b>
ESPECIE PRINCIPAL:	<i>Betula celtiberica</i> Rothm & Vasc, aplicable a formacións mixtas con piñeiros ou outras frondosas autóctonas.
OBXECTIVO:	Madeira para serra e chapa. 250 pés/ha de calidade.
DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Todos os distritos forestais.	

<b>REXENERACIÓN</b>	
Marco e densidade de plantación	Densidade de plantación recomendable entre 1.100-1.600 plantas/ha en función da calidade de estación. Pódense aceptar densidades menores (en torno a 800-850 plantas/ha) condicionando unha maior intensidade silvícola. Recomendable rega e preparación de alcorques. Modelo aplicable en bidueirais de rexeneración natural. Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.
Mantementos	En plantación, reposición de marras posible os dous primeiros anos e rozas totais. Mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas. Opcional utilización de aboado (N,P,K) baixo en nitróxeno de liberación gradual, e sempre consonte a lexislación.

<b>TRATAMENTOS SILVÍCOLAS</b>	
Podas de formación e podas	Faranse podas de formación a partir do segundo ano e ata os seis anos, acadando 6 m de fuste recto. Poda baixa cando as árbores acaden os 6 m de altura, ata 2,5-3 m. Poda alta opcional sobre os mellores 300 pés/ha, ata 5,5-6 m.
Desmestas	En función da densidade inicial poden ser necesarias ou non. De tratarse de rexeneración natural intervir precozmente para levar a densidade a 1600-1.300 pés/ha como máximo, aos 3-5 anos. Tratamento de restos de desmestas/podas por trituración, espaxado ou retirada para aproveitamento, segundo lexislación vixente, no 50% das entreliñas.
Rareas	A primeira rarea, polo baixo, recoméndase aos 10-15 anos eliminando unha terceira parte do arborado. Selección de árbores de porvir (300 pés/ha) que coincidirá coa segunda rarea. Buscar distanciamentos de 6 m entre pés aproximadamente e prioridade ao criterio de boa conformación da árbore. Terceira rarea e última aos 25 anos, quedando en pé os 250-300 pés/ha destinados á corta final ou de rexeneración. Recoméndase respectar arborado doutras frondosas autóctonas nas rareas. En masas mixtas con piñeiros, priorizar o bidueiro como especie principal.





<b>CORTA FINAL DE REXENERACIÓN</b>	
Idade de corta	35-45 anos, segundo calidades de estación. Priorizar quendas longas para manter modelos de combustible de frouma baixo arborado como estratexia preventiva de incendios.
Métodos de corta	Corta a feito en dous tempos ou de rareo sucesivo. Posible corta a feito por faixas e bosquetes nos distritos máis setentrionais.

